

Turismo



NARÓN

CONCELLO. Praza do Concello s/n	Centralíña
Policía Local, Estrada de Cedeira, qm. 1	992
Protección Civil, Estrada de Castela, 89	981581700
Biblioteca Municipal, R/ 25 de xullo	981580000
Auditorio Municipal, Estrada de Castela, 214-224	981391144
Pavillón polideportivo A Gondara, Estrada da Gondara, 148	981597522
Santa Icía.	981387522
As Lagoas	981387522
CENTRO DE SAÚDE, Estrada de Castela	981580060
Consulado O Val, Vilacornelle s/n	981363166
Consulado Pedroso, A Torre s/n	981568449
URXENCIAS MÉDICAS, Praza de Galicia s/n	061
CORREOS E TELÉGRAFOS, Río Vespaunante, 15	981382382
XULGADO DE PAZ, Praza do Concello, 8	981382105
POLICÍA NACIONAL	991
GARDA CIVIL, Estrada de Castela, 845	062
RADIO-TAXI NARÓN	981388888



NARÓN
Concellería de Turismo
turismo@concello.narón.es
www.concellodenarón.es





As posibilidades turísticas de Narón pasan pola súa riqueza monumental e natural.

MOSTEIRO DO COUTO

Non hai dúbida que o mosteiro de Xuvia, popularmente denominado do Couto, o único cluniacense existente en Galicia, está a ser o monumento máis importante de Narón, de estilo románico aínda que foi refeito a fins do século XVIII, cunha fachada barroca. Entre os elementos ornamentais más interesantes é de salientar a variada colección de capiteis e canzorriños, de estilo compostelano. O seu interior é un precioso exemplar románico do século XII de planta basilical, con tres naves e tres ábsidas semicirculares que amparan as tres capelas absidais. Dos moitos sartegos medievais que se conservaban na igrexa só queda o de Rodrigo Esquío de fins do século XV.

CASTROS

Tomando como punto de partida o mosteiro de O Couto recorreremos algúns dos castros que poboaron o concello. En dirección de A Picota veremos os foxos e muros defensivos do castro do Petouzal. Logo, atravesando o Muíño das Aceas, dixirémonos ó castro de Narón ou de Sequeiro. Baixando de Sequeiro cara Narón, encontraremos a estrada de Os Vicás, que pasa preto do castro desse nome e máis adiante do de Revolta. Chegaremos logo á parroquia de Sedes na ladeira occidental do

castro de Eiravedra. Dirixindonos cara a San Sadurniño, ó norte do lugar de Pedroso, na aba do Monte dos Nenos, está o castro de Pereiruga, e ó sur de Mosteiro (Pedroso) veremos, moi preto da ermida da Virxe da O, o castro de A Ermida.

RIO XUVIA

Un dos lugares naturais pintorescos de Narón constitúe o río Xuvia. As fragas das súas ribeiras forman un ecosistema único, altermando as zonas de val, como as húmidas marismas de Chao de Doso e Pedroso, cos treitos encaixados como na Presa do Rei. Cada recanto é unha sorpresa, como o da presa dos antigos muíños de Fabián ou nas de Roda nos muíños de Gradaílle, ata acougar o seu curso en Borracáns e remansarse na presa do muíño de Ponte de Xuvia.

MUÍÑOS

Non se pode falar do río Xuvia sen referirmos ós seus numerosos muíños. Case ó entrar no municipio de Narón, iniciaremos varios percorridos dende a finca de Muíño de Vento, seguindo o curso de ríos e regatos, ata chegar a ver sete dos máis de 35 muíños que se conservan en Narón.


Segundo o curso do río Freixeiro podemos ver na zona industrial os Muíños de Amenadás.



Foto: A. Rúa

Foto: A. Rúa

Foto: A. Rúa



Na desembocadura do mesmo río Freixeiro está o grande Muíño de Marés das Aceas, construído a finais do século XVIII.


Xa na desembocadura do río Grande de Xuvia está o complexo hidráulico de Xuvia, que ademais de ser muíño fariñeiro serviu para proporcionar enerxía ó conxunto industrial que se desenvolveu no seu entorno: fábricas de tecidos, papel e laminados de cobre. A construición da ponte sobre a desembocadura do río atribúese ós Andrade, aínda que foi modificada posteriormente.

O CAMIÑO VELLO A SAN ANDRÉS

A lenda conta como Cristo estaba recorrendo o mundo e, canso de andar, detívose en Teixido. Para recuperar forzas tomou unha mazá e cando a abriu atopou nela a San Andrés. O Santo queixouse amargamente da súa situación, esquecido e abandonado naquelhas apartadas terras. Xesús compadeceuse e prometeulle a San Andrés que a súa romaría sería a máis visitada, xa que ninguén, nin morto, nin vivo, deixaría de acudir a ela.

Dende aquela e dende todas partes van os peregrinos a San Andrés de Teixido, pero o camiño clásico partía precisamente dende o Mosteiro de Xuvia ou de O Couto.

Iniciaremos o noso recorrido subindo cara o Outeiro do castro de Petouzal, para baixar axiña ó Muíño das Aceas. Logo de atravesarmos a Estrada de Castela, pasaremos preto do castro de Sequei-



ros, percorrendo a corredoira de Feal e outros camiños cara á Pena de Embade. O percorrido atravesa o municipio de Valdoviño e polos montes de A Moura ata as marxes do encoro de As Forcadas, para baixar precipitadamente a Vilarrube e chegar ó Porto do Cabo. Dende aquí o camiño ascende ata A Viciñeira e atravesa a serra de A Capelada ata Os Candales. Logo de descender a Veriño, onde encontramos os primeiros amilladoiros, séguese por Reboredo e o Chao de Uzal ata chegar ó Cristo dos Cadris. Dende alí iníciase o descenso pola Costa Grande ata Teixido.

As reliquias de San Andrés ou sanandreses son pequenas figuras de masa de pan, sen fermentar e pintadas de cores.

PRAIAS E INTERIOR

Narón comparte a montaña cunha costa de fermosas praias. Este paseo de contrastes podemos inicialo na praia de Ponzos, próxima á igrexa de San Martiño de Cobas, e logo subir polo monte de Vilarquinte, aldea abandonada, ata o cume de A Lagoa (308 m). Aquí temos un excelente miradoiro natural, un punto xeodésico e mailas ruínas dun antigo cuartel militar, así como un vasto panorama sobre a áspera costa atlántica, cos seus cantís, entre as pequenas e salvaxes praias.

Continuamos dende Vilarquinte cara ó norte, para baixar ás praias de Casal e Hortiña, ata diviarmos o illote de Pena Lopesa. Voltamos cara ó




interior para acadar Vilasuso e Baltar. Entre a Pena Lopesa e Baltar podemos ver a Pena Molexa, fantástico penedo que encerra curiosas lendas como a da doncela que se transforma durante a noite do solsticio de verán. Preto dela está o castro de Vilasuso, que conserva as defensas propias destas vivendas celtas.

PAZOS

Partiremos de Baltar, onde veremos o seu pazo con dúas pedras de armas do século XVI. Moi preto temos a casa medieval de Quintá e maila capela de Santa Margarida.

De pasarmos a estrada de Freixeiro a Valdoviño-Cedeira, nos arredores da parroquia de Castro, veremos o pazo de Nelle, a Casona de Verán dos Pita Romero e mailo Pazo Libunca. Este último, coñecido tamén como Chalé de Cabezas, de estilo modernista construído polos Montenegro en 1918.

Baixando en dirección de Xuvia, veremos casas interesantes como a dos Freire, e xa na Estrada de Castela a de Román, que evoca o estilo romántico francés de finais do século XIX. Segundo esta estrada cara Ferrol, atoparemos casas como a de A Torre e logo un grupo de casonas de labranza, que conservan os enreixados de ferro fundido do desaparecido pazo de Casal. Aínda poden atraer a curiosidade do turista a Casa de Pedra de Grao, fronte



ó asilo de Piñeiros, e en A Gándara o Chalé de Antón, de propiedade municipal, a casona do militar Mankinlay, e no límite con Ferrol, o elegante chalé, ocupado polo colexio de Nosa Señora do Chamorro.

IGREXAS

Preto da estrada de Ferrol a Ortigueira, á altura de Vista Alegre veremos a igrexa de San Lourenzo de Doso, en estado ruinoso, ainda que conserva restos do século XVI. Atravesando o río Xuvia cara ó norte, en dirección de Pedroso encontramos a capela de Nosa Señora da O, sinxela na súa construción, pero de grande devoción popular pola súa romería, o segundo fin de semana de maio, que convoca unha grande multitud de romeiros. No centro da poboación de Pedroso, levántase a moderna igrexa que lembra coas súas lípidas na porta de entrada o esplendor do antigo mosteiro medieval.

Continuando pola AC-112 cara Castro e desviándonos en Vilallonte á dereita está a capela de San Vicente de Placente, que xa existía no século XVI, restaurada modernamente cunha bonita espaldana. Non lonxe está a de San Estevo de Sedes de estilo barroco. Un pouco máis ó norte está a Feira do Trece, que tén a súa orixe na festa de Santa Lucía, o trece de decembro.



Foto: X. Álvarez



Ministerio de Cultura



Foto: M. Martínez Sastre

O lugar, con lembranzas prehistóricas do pobo celta de Trasancos, foi cristianizado coa capela de Santa Lucía, con posible referencia a un antigo culto á luz. Hoxe en día, as xentes de Sedes celebran neste lugar da Feira do Trece a festa do "Oenach" (lugar de encontro ou reunión) rememorando así un feito de hai máis de 2000 anos no que os homes da Terra de Trasancos xuntábanse para comerciar: ferreiros, tecedeiras, labregos e toda serie de oficios dos antigos celtas. Aproveitan tamén a ocasión para celebraren un concurrido Festival Folk.

Xa preto do empalme da estrada AC-112 de San Sadurniño a Castro, vemos o templo parroquial de Santa María de Castro, documentado en épocas medievais, ainda que a súa traza actual non semella ser de máis alá do XVII ou XVIII.

Dende Castro podémos dirixir a O Val pasando por Santa Margarida, cunha capela do século XV, que é unha das máis antigas do municipio. Aínda que algo deteriorada, conserva unha bonita portada do góticu serodio, co xabarín símbolo totémico dos Andrade.

Rematamos este breve percorrido por Narón regresando cara á capital municipal e, de camiño, ainda veremos algúns templos interesantes coma os parroquiais de Santa María a Maior de O Val e San Mateo de Trasancos.



L. Rodríguez Pousa